

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo dunha praza de técnico/a de medio ambiente (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal

ANUNCIO

Mediante decreto da alcaldía 484/2024, do 19 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

PRIMEIRO.- desestimar a alegación presentada por dona M^a Isabel Caamaño Fernández (DNI ***9689**) conforme ao contido do informe emitido ao efecto e estimar a alegación presentada por don Ignacio Fernández Díaz (**3443**) admitindo a subsanación da documentación presentada consistente en certificado actualizado de servizos prestados e aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para prover unha praza de técnico/a de medio ambiente (grupo II do persoal laboral fixo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI	EXENTO GALEGO
Parada Vázquez, Víctor José	***6249**	SI
Couto López M ^a José	***2494**	SI
Fernández Díaz, Ignacio	***3443**	SI

Relación definitiva de persoas excluídas:

INTERESADOS	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN DEFINITIVA
Caamaño Fernández, M ^a Isabel	***9689**	Non acredita pago de taxas
Castaño Serna, Jonathan Steven	***3104**	Non presenta o anexo I, DNI e titulación. Non acredita nivel galego.

SEGUNDO.- Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

Presidenta	Titular: D ^a Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. Suplente: D ^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
Secretaria	Titular: D ^a Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. Suplente: D ^a Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
Vogais	Titulares: D ^o José Luís Varela Varela, técnico de Medio Ambiente do Concello de Arteixo. D ^a M ^a Carmen Iglesias Iglesias, técnica de Medio Ambiente do Concello de Abegondo. D ^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda. Suplentes: D ^o José Manuel Rodríguez Costa, AEDL do Concello de Abegondo. D ^a Nuria Aradas Carollo, traballadora social do Concello de Carral. D ^a M ^a Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo.

TERCEIRO.- Fixar para o vindeiro 22 de novembro de 2024, ás 09:30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederase á valoración da fase de concurso.

CUARTO.- Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

QUINTO.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumpli-

mento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 19 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8287